

Convenio entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia e a Universidad Intercontinental de la Empresa (UIE), para o recoñecemento da correspondencia entre ciclos formativos de grao superior da formación profesional inicial e materias de estudos universitarios

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Formación Profesional da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional,

INFORMA:

- Que esta Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación profesional ten previsto formalizar coa Universidad Intercontinental de la Empresa o instrumento convencional arriba referido cun período de vixencia de catro anos, dende a data a súa sinatura.
- Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer recoñecemento da correspondencia entre ciclos formativos de grao superior da formación profesional e materias de estudos universitarios que se imparten na UIE.
- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.
- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.
- Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

1.- Que a Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, no seu artigo 3 recoñece a autonomía das universidades e no punto 2, apartados g) e l), establece que, nos



termos desta lei, a autonomía das universidades comprende e require a admisión do estudantado, a verificación de coñecementos, competencias e habilidades e a elaboración e aprobación de plans de estudo conducentes á obtención de títulos universitarios oficiais de Grao ou de Máster Universitario, ou que conduzan á obtención de títulos propios.

2.- Que a Lei Orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional establece que as administracións educativas e as universidades promoverán o recoñecemento mutuo de créditos ECTS entre os ensinos de formación profesional de grao superior e os títulos oficiais de grao para facilitar o establecemento de itinerarios formativos que recoñezan a formación previamente adquirida en ambos sentidos, que poderá formalizarse mediante a subscripción dun convenio aprobado pola universidade, o departamento competente en materia de formación profesional da comunidade autónoma e o centro ou centros de formación profesional implicados, que permita a incorporación nos currículos de partes de módulos ou de materias correspondentes as outras ensinanzas en forma de complementos formativos, a colaboración puntual de ambos equipos docentes e, no seu caso, o uso ocasional das respectivas instalacións.

3.- Que a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, na redacción dada pola Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, determina no seu artigo 44.3 que os alumnos e as alumnas que superen os ciclos formativos de grao superior da formación profesional obterán o título de Técnico ou Técnica Superior, que permitirá o acceso, previa superación dun procedemento de admisión, aos estudos universitarios de grao, así como aos recoñecementos dos créditos universitarios que correspondan.

4.- Que o Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional, establece que o recoñecemento de estudos entre títulos de técnico ou técnica superior de formación profesional e títulos universitarios oficiais de Grao realízase en termos de créditos ECTS, sinalando que o recoñecemento entre ensinos de Formación Profesional de grao superior e ensinos universitarios oficiais será mutuo e que se producirá para cursar estudos universitarios oficiais de Grao cando se posúa un título de técnico ou técnica superior de formación profesional.



5.- Que o Real Decreto 1618/2011, do 14 de novembro, sobre recoñecemento de estudos no ámbito da Educación Superior establece o réxime de recoñecemento de estudos entre as diferentes ensinanzas que constitúen a educación superior.

6.- Que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia e UIE no ámbito das súas competencias educativas, teñen a vontade de promover a continuación de estudos universitarios aos titulados e tituladas técnicos superiores de formación profesional e recoñecerlles a formación adquirida no ciclo formativo superior que teñan cursado, conforme á normativa referida nos expositivos anteriores.

7.- Que as equivalencias reflectidas no convenio axústanse aos criterios de valoración reflectidos no artigo 4 do Real Decreto 1618/2011, de 14 de novembro, sobre recoñecemento de estudos no eido da Educación Superior.

-Que unha vez recibidas as observacións realizadas sobre o primeiro borrador de convenio, procediuse ao seguinte:

- a) Suprímese a referencia ao apartado 2 do artigo 49 da Lei Orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional.
- b) Que se engaden uns expositivos oitavo e noveno nos que se sinala que a actuación da Consellería xustifícase na información xeral de cara ao público nun contexto de transparencia, e non substitúe á solicitude individual nin á resolución de recoñecemento que, en última instancia, corresponden á universidade en virtude da autonomía universitaria constitucionalmente garantida.
- c) Que se mantén a referencia á nota media sinalada na cláusula cuarta. A este respecto, e se ben é certo que non hai ningunha norma xeral que o estipule, é un criterio seguido pola normativa interna das universidades públicas do Sistema Universitario de Galicia. Enténdese pois preciso que os criterios de recoñecemento e equivalencias sexan homoxéneas entre as universidades públicas e privadas. En todo caso, a incorporación deste criterio ao convenio non supón alteración do réxime de competencias nin invasión da autonomía universitaria, por canto a súa determinación e aplicación constitúe unha decisión adoptada pola UIE no exercicio da súa autonomía académica e aceptada expresamente pola universidade no presente instrumento, mantendo esta



- en todo caso a competencia exclusiva para tramitar e resolver, caso por caso, as solicitudes individuais de recoñecemento.
- d) Que se reformula a cláusula quinta, especificando que actuacións corresponden á Consellería, cales á Universidade Internacional da Empresa e cales se levan a cabo de xeito conxunto.
 - e) Que se engade na cláusula sétima que o procedemento seguirá o estipulado nos artigos 7 e 8 do Real Decreto 1618/2011, indicando que o anexo reflectido no convenio non obsta á comprobación de cada expediente individualizado por parte da UIE, toda vez que nela reside a potestade final.
 - f) Que se modifica o parágrafo na cláusula oitava sobre as funcións da Comisión, indicando non que establecerá as correspondencias e os créditos, senón que analizará e propondrá actualizacións do anexo.
 - g) Que se engade unha nova cláusula décimo terceira indicando as causas de resolución, consecuencias no caso de incumprimento, indemnizacións e terminacións de actuacións pendentes, se é o caso.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio marco que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

María Eugenia Pérez Fernández

Directora Xeral de Formación Profesional

